


XOVES 6 DE OUTUBRO DE 2016

FUNCIÓN: 21.00 h | DURACIÓN: 75 min



A PANADARÍA PANAMERICANA

Panamericana é unha comedia con sabor a guiso tropical, un musical en que as tres actrices interpretan vintecatro personaxes.

Miranda Celia del Río é unha artista de éxito no seu país, Panamérica pero a presión da fama fai que fuxa na procura dunha vida mellor. A súa escapada remata na Provincia, unha vila en que se terá que afrontar ao seu labiríntico e absurdo aparello burocrático, sanitario e financeiro. Perdida nesta misteriosa maquinaria, Miranda lembra os seus tempos de vedete superlatina. Unha caricatura en que xa non sabemos se este mundo é como é ou como nós o percibimos.

Panamericana fala dun sistema perverso e dos sonhos rotos desde unha óptica optimista e divertida. Unha festa teatral de cor, pluma e música.



CREACIÓN E INTERPRETACIÓN:

ARETA BOLADO, NOELIA CASTRO E AILÉN KENDELMAN

IDEA ORIXINAL E TEXTO:

ARETA BOLADO

MÚSICA ORIXINAL:

AILÉN KENDELMAN

VENDA DE ENTRADAS

Entradas: 9,00€ (carné xove, +65 anos e persoas desempregadas: 7,00€)

Venda anticipada: 6,00€ (Até o día anterior á función ás 23.59 h)

DESPACHO CENTRAL DE BILLETES DA PRAZA DE OURENSE

De luns a venres, excepto festivos,
de 9.30 a 13.00 h e de 16.30 a 19.30 h

DESPACHO DE BILLETES DO FÓRUM

Aberto só os días de función desde unha hora antes
(só se quedan entradas dispoñibles)

TELEVENDA: 902 044 226

(De luns a venres de 9.00 a 22.00 h, sábados de 14.00 a 22.00 h
e domingos de 16.00 a 21.00 h)

www.ticketea.com



CICLO
SEN FÓRUM METROPOLITANO
NUMERAR



www.coruna.es/cultura



Podes seguir a programación cultural do concello en facebook:
www.facebook.com/CulturaCoruna



CICLO
SEN FÓRUM METROPOLITANO
NUMERAR

Outono 2016



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

CORUÑA
CULTURA



VENRES 28 DE OUTUBRO DE 2016

FUNCIÓN: 21.00 h | **DURACIÓN:** 60 min



ARTEATRO

CUANDO PERDÍ LA CABEZA

Quando perdí la cabeza intenta responder ás preguntas: Como é que chegamos a esta situación? Con esta actitude, imos polo camiño correcto? Que foi o que creou este mal estado de ánimo xeral? Estarémonos volvendo tolos e a humanidade xa non é tan humana?... Seguimos sen lle encontrar o sentido a este novo rumbo que tomou a vida. Ante a falta de repostas, damos a cabeza por perdida e só se nos ocorre contárvolo do único xeito que sabemos: desde a ironía e o humor.

INTÉRPRETE:
IGNACIO ANDREU
DIRECCIÓN E ESCENOGRAFÍA:
JORGE BARROSO "BIFU"

VENRES 11 DE NOVEMBRO DE 2016

FUNCIÓN: 21.00 h | **DURACIÓN:** 60 min



LA TETA CALVA PENEV

Penev é unha obra sobre persoas de segunda man, usadas, cansas. Sobre almas en troco. Un álbum de cromos sen rematar é coma quedar segundo. Un pensa que o vai conseguir pero non é así. En *Penev*, fábase do pasado idolatradado, dun guateque... Fábase de fútbol e de teatro. Toni Agustí e Xavo Giménez dedícanlle un sereno berro á afección e á platea: ola fondo norte! Un cántico desesperado á afección para que levante os ánimos dun equipo infestado de frustracións.

En fin, que a vida é unha puta merda excepto cando roda a pelota ou cando se levanta o pano.

PREMIO AO MELLOR ESPECTÁCULO DA FEIRA INTERNACIONAL DE TEATRO E DANZA DE HUESCA 2015; PREMIO DO XURADO AO MELLOR ESPECTÁCULO FESTIVAL ESCÈNIA 2015; FINALISTA COMO MELLOR ESPECTÁCULO REVELACIÓN NOS XIX PREMIOS MAX DAS ARTES ESCÈNICAS

AUTOR:
XAVO GIMÉNEZ
DIRECCIÓN E INTERPRETACIÓN:
XAVO GIMÉNEZ E TONI AGUSTÍ

VENRES 18 DE NOVEMBRO DE 2016

FUNCIÓN: 21.00 h | **DURACIÓN:** 60 min



ANTÓN COUCHEIRO MÚLTIPLE

MÚLTIPLE é o novo espectáculo de Antón Coucheiro, un só de impro onde o protagonista se desdobra e dialoga cos seus alter ego. Somos só unha persoa ou a nosa personalidade está habitada por múltiples personaxes? A través dunha terapia de sonhos e das propostas do público, iranse desafiando as historias improvisadas onde os/as espectadores/as descubrirán que nun só corpo caben millóns de universos.

Un espectáculo cómico, participativo, improvisado e con música en directo, que foi estreado en Bogotá en xuño de 2015 no marco do festival TIMBO.

IDEA ORIXINAL, INTERPRETACIÓN E DIRECCIÓN:
ANTÓN COUCHEIRO
MÚSICA E SON:
TÚLIO ROSENDO

SÁBADO 10 DE DECEMBRO DE 2016

FUNCIÓN: 21.00 h | **DURACIÓN:** 60 min



CINEMA STICADO

STRPTS // EPISODIO 1: MIRLO & RULA

Prepárate para entrares nun mundo que nunca antes viches. Intriga, corrupción, asasinatos... e unha fuxida inesperada. Quererás ver máis. Cinema en vivo, performance, monicreques, obxectos, sombras, proxección de vídeo, imaxe, son e música en directo.

Un home sixiloso (Merlo) e unha muller soñadora (Rula) cruzarán os seus destinos nunha fuxida inesperada por culpa dun segredo a voces, unha fuxida tinguida de intriga e sangue nun mundo en desequilibrio coa natureza e os dereitos sociais e impregnado de corrupción política.

AUTOR E DIRECCIÓN:
XOSEL DÍEZ
INTÉRPRETES:
HELENA VARELA E XOSEL DÍEZ